



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
VILAR DE INFESTA
17 DE DECEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos 2014

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo as vinte horas, do día dezasete de decembro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- José Carlos García Taibo, representante do PS de G – PSOE
- María Carmen González Monteiro, representante do PP
- Rubén Costas Fernández, representante de AER
- Edesio Crespo Loureiro, representante das asociacións culturais
- Manuel Carballido Castro, representante das asociacións veciñais

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

1.- Orzamentos participativos 2014

O Presidente informa que xa está en marcha a obra para meter tubería e cuneta no camiño de Pedro Morto e ascende a 5.624 euros.

Manuel Carballido Castro pregunta se está solventado o problema das augas e en que vai consistir a obra.

O Presidente di que vaise facer a cuneta contra os muros para levar a auga ata un regato da fonte das Velas con canalización aberta salvo un tramo.

José Carlos García Taibo pregunta se vai dar tempo. O Presidente di que cre que si.

O Presidente informa que tamén se van a instalar alumeado no camiño Portugués tres postes, no camiño de Pica Morena dous postes e no camiño da Quinta dous postes. Esta obra ascende casi a 6.000 euros. Cos cartos que



CONCELLO DE REDONDELA

sobran valse colocar tubos e arquetas para canalizar saneamento nunhas vivendas cerca do Chan das Pipas. En total o investimento da parroquia ascende a 13.267,65 euros, polo que resta moi pouco dos 13.500, que se poderían investir nalgo pequeno. O técnico da empresa que vai facer as obras xa foi ao sitio e non debería haber problema para que quede todo instalado neste ano.

José Carlos García Taibo di que se espera sempre ao último momento para organizar os orzamentos participativos e que se debería facer antes.

O Presidente informa que se trouxeron ao Consello Parroquial inmediatamente despois de que se aprobaran no Pleno.

Edesio Crespo Loureiro di que o Consello Parroquial debería tratar moito antes o tema para que cando o Pleno aprobe os orzamentos, xa estea o traballo adiantado.

José Carlos García Taibo manifesta a súa conformidade co exposto porque así se evitaría facer os traballos con tanto apuro.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.